

CERTIFICADO

A secretaria accidental, Vicenta Avelina Campaña Martínez, agás erro ou omisión involuntaria,

CERTIFICO:

Que o día 06.02.2019 ditouse a Resolución da Alcaldía número 105/2019 que deseguido transcribo:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación Licitación :Pavimentación pista Somozas-Asados, Igrexa-Leiro

Alcaldía deste concello no día 15 /11/2017, ditou a seguinte Resolución num 1035/2017 pola que se resolve Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña, e aproba o proxecto

Con data 11 de abril de 2017 a Dirección xeral de Patrimonio Cultural autoriza as obras solicitadas coas condicións sinaladas no Informe da Comisión de territorial de Patrimonio histórico Galego Da Coruña

A Deputación da Coruña en sesión plenaria do día 23 de marzo de 2018, aprobou a Segunda e derradeira fase do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 1/2017 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL. Concedéndolle o Concello de Rianxo unha axuda para o financiamento da obra por importe de 78.975,91 segundo o proxecto técnico redactado por Amancio Losada Vicente , con código de proxecto: 2017.2001.0769 .0 e cuxo importe é de 122.981,38 €

Axencia Galega de Infraestruturas 11 de xullo de 2017 autoriza as obras debendo cumprirse ás condicións recollidas no informe da sociedade concesionaria de data 25.5.2017

17.11.2017 Servizo de arqueoloxía da Consellería de Cultura autoriza o control arqueolóxico conforme a autorización de 11 de abril de 2017 a Dirección xeral de Patrimonio Cultural.

Incoase expediente por Xunta de Goberno de 28/05/2018 o expediente de licitación

1.2.2018 emítase Certificado de existencia de crédito

04/02/2019 o redactor do proxecto presenta pola sede electrónica (núm. 20199990000062) un informe coa xustificación da non licitación por lotes. Estamos ante unha obra completa desde o punto de vista técnico estímase que non procede a contratación por lotes.

6.2.2018 emítase informe conxunto de secretaria-intervención a aprobación do expediente de contratación

No uso das facultades que me confire a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español das directivas do parlamento europeo e do

Este documento electrónico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 102,691 exp. 2019/G003/000120

consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e tendo delegado a incoación na Xunta de Goberno Local por Resolución 505/2016, de data 19 de outubro, RESOLVO :

PRIMEIRO

Avogar a competencia previamente delegada na xunta de goberno local

SEGUNDO

Aprobar expediente de contratación, mediante Procedemento aberto simplificado de acordo co artigo 159 da Lei 9/2016, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de febreiro de 2014, para a adxudicación da obra relativa ao proxecto cuxo detalle indica nos antecedentes

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA-ASADOS-IGREXA-LEIRO
TÉCNICA REDACTORA DO PROXECTO	AMANCIO LOSADA VICENTE (COLEXIADO COAG Nº 1463)
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	122.981,38€ (V.E.,101.637,50€/ IVE 21.343,88€)

FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO		
DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO DE RIANXO	ORZAMENTO TOTAL
78.975,91€	44.005,47€	122.981,38€

TERCEIRO

Aprobar o Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, e PPT de data 23/01/2017.

O contratista que resulta adxudicatario deberá cumprir na execución do contrato as autorizacións de data 17.11.2017 do Servizo de arqueoloxía da Consellería de Cultura e da Axencia Galega de Infraestruturas de 11 de xullo de 2017

CUARTO

Aprobar o gasto correspondente a dita obra para a anualidade actual 2019 con cargo á partida 454.61900 por importe total de 122.981,38€, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 101.637,50€ e o iva que ascende a 21.343,88€.

QUINTO

Dispoñer a apertura do Procedemento aberto simplificado, e mandar anuncio o perfil do contratante dando un prazo de 20 días naturais para presentar ofertas electrónicas as empresas de forma exclusiva e excluínte na plataforma de contratos do sector publico <https://contrataciondeestado.es/>.
Rianxo, mércores 6 de febreiro de 2019

E para que conste, asino este certificado co visto e praxe da Alcaldía.

Rianxo, venres 8 de febreiro de 2019

A secretaria accidental, Vicenta A. Campaña Martínez O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez